

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Fotografía de Dorothea Lange (1939)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

<i>AXENDA</i>	<i>3</i>
<i>FORMACIÓN</i>	<i>4</i>
<i>CONGRESOS E SEMINARIOS</i>	<i>5</i>
<i>CONVOCATORIAS</i>	<i>5</i>
<i>SUXESTIÓNS</i>	<i>6</i>
<i>RECURSOS</i>	<i>9</i>
<i>NOVAS DO DUVI</i>	<i>11</i>
<i>NOVAS</i>	<i>11</i>
<i>DATOS</i>	<i>13</i>
<i>FERRAMENTAS DE IGUALDADE</i>	<i>14</i>

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	29	30	31	1	2	3	4
6	5	6 Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina	7	8	9	10	11 Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia
7	12	13 Martes de Entroido —Festivo local en Ourense e Vigo	14* Mércores de Cinza —Festivo local en Pontevedra	15	16	17	18
8	19	20	21	22 Día Europeo da Igualdade Salarial	23	24	25
9	26	27	28	29	1	2	3

AXENDA

11F. Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

- **2 de febreiro.** Charla interxeracional de catro investigadoras sobre as súas experiencias na ciencia. No edificio Redeiras do Berbés ás 18:00h.
- **9 de febreiro.** Entrega dos premios «Marie Tharp» do CIM-UVigo. Na facultade de Ciencias do Mar.
- **8 de febreiro.** Elas fan CienTec. Programa de obradoiros para secundaria. En catro centros educativos da provincia de Pontevedra.
- Charla para mulleres do proxecto Non hai fronteiras. Data sen confirmar no momento da publicación.

- **Do 14 ao 16 de febreiro** . Cámara aberta CINTECX ás mulleres STEM. De 9:00 a 15:00 h no CINTECX.
- **16 de febreiro**. Obradoiros eXXperimenta en Feminino. No edificio Politécnico e arredores (Ourense) de 10:00 a 18:00h.
- **22 de febreiro**. Conectando en igualdade: a transformación do futuro tecnolóxico. Na sala 1 do Edificio Miralles de 11:00 a 13:30 h.

9 de febreiro: A ilusión da igualdade na universidade: unha aproximación ás fendas de xénero na academia (EN) [Athena Talks](#) ás 12:00 h CET

FORMACIÓN



Itinerario formativo virtual en xénero (GAL/ES) [+Info](#)

Programa de 24 accións formativas de ámbitos diversos destinado a introducir a perspectiva de xénero na formación da comunidade da Universidade de Vigo. Inscripción do 29 de xaneiro ao 11 de febreiro.

Como novidade, ofértase o curso Mulleres e saúde impartido por Paloma Morán e Diana Valverde, da UVigo. Esta nova acción ten unha duración estimada de 15 h

Ciclo de diálogos: «Políticas feministas: da teoría á práctica». Colpis (Colexio de Profesionais da Ciencia Política e a Socioloxía de Cataluña). (CAT) [+Info](#)

Repertorio de cursos para dominar ferramentas dixitais. (ES) [+Info](#)

Curso básico en Igualdade Laboral. (GAL) [+Info](#)

Violencia Económica de Xénero 2024 Ecovio Educa. (ES) [+Info](#)

A sesión terá lugar o 13 de marzo ás 18:30 h. É necesaria inscrición previa.

Historia das Teoría Feministas 2024. Universidade Complutense de Madrid. (ES) [+Info](#)

RE-WIRING Leadership – un webinar transformador (EN) [+Info](#)

Protexer ás mulleres da violencia en Europa (EN) [+Info](#)

Capacitación en xénero de ONU Mulleres [+Info](#)

Oferta de cursos en liña para facer cadaquén ao teu ritmo en español, inglés, francés e árabe.

Saúde internacional das mulleres e dereitos humanos (EN) [+Info](#)

Gender Analytics: Equidade de xénero a través da especialización en deseño inclusivo (EN) [+Info](#)

Visualización do traballo das mulleres: empregando medios artísticos para a xustiza social (EN) [+Info](#)

Sexuando o lenzo: arte e xénero (EN) [+Info](#)

IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdad (ES) [+Info](#)
Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

A vida no centro. Potencia subversiva nas loitas das mulleres en América Latina (ES) [+Info](#)
Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

CONGRESOS E SEMINARIOS

IV Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades [+Info](#)

O 1 e 2 de marzo en formato 100 % híbrido, presencial e virtual, na Universitat de València.

European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)

Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural (CICELI) [+Info](#)

Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

CONVOCATORIAS

Oferta laboral como técnica do observatorio de datos abertos sociais e de igualdade (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas de investigación para monográfico sobre a ensinanza de linguas e literaturas a través dunha perspectiva de xénero. Ambigua: revista de Investigacións sobre Xénero e Estudos Culturais (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos sobre sexisme e genderwashing na academia e alén. (EN) [+Info](#)

Chamada de comunicacions do GT12 para o XV Congreso Español de Socioloxía, centrado no impacto do xénero na sociedade dixital. (ES) [+Info](#)

Convocatoria para que entidades sen ánimo de lucro impulsen a inserción de vítimas de violencia de xénero. (GAL) [+Info](#)

Candidatura para posto de instructor/a en cursos de formación WiDS. (EN) [+Info](#)

Novos postos no portal de emprego do SEPE para formar parte do Instituto das Mulleres. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de becas da Fundación Carolina 2024-2025: impacto social e igualdade de xénero. (ES) [+Info](#)

Asparkía Xénero e creación dixital [+Info](#)

Aberto o período de envío de artigos e reseñas ata o 31 de abril, en español, inglés e catalán.

SUXESTIÓNS

Durante as últimas semanas, a chegada de milleiros de pellets de plástico ás nosas costas reviviú a lembranza da resposta social ao afundimento do Prestige no ano 2002. O accidente deste petroleiro provocou a última das seis mareas negras que asolaron o litoral galego desde o ano 1970, e tivo como resposta unha serie de movementos sociais baixo o lema «Nunca Máis», recuperado agora. Non foron estas as únicas veces que o berro percorreu as rúas; a vaga de incendios forestais de 2006 xa reactivara as engrenaxes da protesta.



Protesta polo desastre do Prestige

Así como a historia recente de Galicia está marcada por estes desastres medioambientais, o activismo resultante está marcado pola participación feminina e a intersección cos movementos feministas. Considerando que a socialización diferencial prepara as mulleres para desenvolver traballos non remunerados (coma os relacionados coas tarefas do fogar) e empregos relacionados cos coidados, enténdese que gran parte do activismo de base e o voluntariado estea feminizado. Por exemplo algúns dos lemas empregados nas protestas polo desastre do Prestige foron «Nin guerras, nin machismo, nin mareas negras» e «Nunca máis chapapote patriarcal».

Segundo o último [informe sobre voluntariado](#), realizado pola Plataforma del Voluntariado de España (PVE), hai unha maior porcentaxe de mulleres que de homes colaborando con distintas organizacións. O documento, elaborado en 2022 a partir de 6 122 enquisas realizadas a persoas voluntarias de toda España, revela que máis da metade das mulleres (59,2 %) están vinculadas a tarefas relacionadas cos coidados e a atención a persoas vulnerables. Os homes, por outra parte, realizan accións con máis visibilidade e relevancia social. No informe destaca a feminización do voluntariado (pásase dun 54 % de mulleres e un 46 % de homes en 2021 a un 56 % de mulleres e un 44 % de homes en 2022) e o incremento nos últimos anos de mulleres menores de 25 anos no voluntariado.

Na Universidade de Vigo dispoñemos dun amplo programa de voluntariado e, impulsados pola Unidade de Igualdade, existen dous [programas de voluntariado](#) para acompañar a mulleres vítimas ou supervivintes de violencia de xénero nas cidades de Ourense e Vigo:

- Acompañamento a mulleres en proceso de violencia. [+Info](#)
- EnRedadas. [+Info](#)

A Xunta de Galicia dispón dunha [Guía para o voluntariado en violencia de xénero](#). [+Info](#)

Tradicionalmente, a natureza foi vista como un ente feminino. A concepción da terra como un ser que domesticar e colonizar estivo estreitamente relacionada co androcentrismo. Por iso existen correntes ecofeministas que vencellan a loita pola igualdade de xénero á loita ecoloxista. Deixar de considerar que o home é a medida de todas as cousas ten implicacións profundas a nivel de coidados, entre as persoas e ao resto do planeta.

A continuación, recomendamos unha serie de recursos e obras relacionadas co ecofeminismo:

A cooperativa **Alalá** é unha iniciativa sen ánimo de lucro que ten como piares a educación ambiental, a educación social e a perspectiva de xénero. Realizan obradoiros, campamentos e contidos formativos relacionados co coidado da natureza e o feminismo, e destinados a toda a comunidade, centros educativos e administración pública. [+Info](#)



Voluntarias da protectora de animais Os Biosbardos (fotografía do Atlántico)



Marea blanca (2012) é un documental de Isabel Coixet que recolle testimonios da Costa da Morte sobre o afundimento do Prestige e o traballo das persoas voluntarias. [+Info](#)

Sica (2023) é unha película de Carla Subirana na que unha rapaza de instituto agarda a que o mar lle devolva o corpo do seu pai, perdido nun naufraxio. No filme cobran protagonismo o paisaxe da Costa da Morte, a natureza e a crise climática. [+Info](#)

Spoor (2017) é un thriller baseado na novela *Sobre os ósos dos mortos*, da Nobel de literatura Olga Tokarczuk. A historia segue a Janina, unha muller maior amante dos animais e a astroloxía que investiga unha serie de asasinatos de cazadores furtivos. [+Info](#)

Horizon Zero Dawn (2015) é un xogo de Guerrilla Games ambientado nun futuro postapocalíptico no que a humanidade volveu ás sociedades tribais. Nel, controlamos a Eloy, unha arqueira cazadora de máquinas, que agora son a especie dominante na Terra. [+Info](#)



Achegamos tamén unha pequena listaxe de **libros** para seguir afondando neste tema:

- Adams, Carol J. e Gruen, Lori (eds.): *Ecofeminismo. Intersecciones feministas con otros animales y con la Tierra. Levanta fuego.* [+Info](#)

- *Mies, María e Vandana Shiva: Ecofeminismo. Icaria. [+Info](#)*
- *Varias autoras: Por qué las mujeres salvarán el planeta. Rayo Verde. [+Info](#)*
- *Merchant, Carolyn: La muerte de la naturaleza. Comares. [+Info](#)*
- *Aragón, Victoria: Ecofeminismo y decrecimiento. Catarata [+Info](#)*
- *Marí Comas, Julia e Mentxaka Tena, Maite: Manual ecofeminista contra el poder corporativo. Libros en acción. [+Info](#)*
- *De Souza, Patricia: Ecofeminismo decolonial y crisis del patriarcado. Libros de la Mujer Rota. [+Info](#)*
- *Puleo, Alicia H.: Claves ecofeministas. Para rebeldes que aman la Tierra y a los animales. Plaza y Valdés. [+Info](#)*
- *Varias autoras: Aún podemos salvar la Tierra. Tinta Púrpura. [+Info](#)*
- *Proxecto Batefogo (coord.): Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais. Catroventos. [+Info](#)*
- *María Reimóndez: Cobiza. Xerais [+Info](#)*

E, de forma destacada, queremos sinalar a **xenealoxía de mulleres defensoras do territorio** que lideran as loitas das súas comunidades para que o que representan os bosques e outros espazos naturais, tanto a nivel material como espiritual para os seus pobos, non sexa destruído polo agronegocio e a industria extractiva, principais causas de deforestación e da perda de biodiversidade no mundo. Moitas delas poñendo en perigo, ou mesmo perdendo, a súa vida como a líder indíxena lenca, feminista e activista do medio ambiente hondureña Berta Cáceres, asasinada no ano 2016.



De arriba abaixo, de esquerda a dereita: mulleres do movemento social Chipko no Himalaia; a keniata Wangari Maathai fundadora do movemento Cinto verde que plantou 47 millóns de árbores; unha das mulleres das Encrobas que en 1977 se enfrontaron á Garda Civil para parar a expropiación forzosa das súas terras para unha mina de carbón, que tiña lignitio, e unha central térmica; Berta Cáceres e a lideresa awajún Raquel Caicat, primeira muller indíxena en presidir o Consello Aguaruna Huambisa (CAH) da Amazonía peruana

RECURSOS

Mulleres das pedras. Breves biografías dalgunhas xeólogas e paleontólogas que nos precederon. Libro completo dispoñible para descarga. (ES) [+Info](#)

Por que marchas? Un estudo sobre o abandono das axencias. (ES) [+Info](#)

Decálogo para unha comunicación da ciencia con perspectiva de xénero. (GAL) [+Info](#)

Revista ex æquo número 48. 2023. (ES) [+Info](#)

Informando de ciencia con ciencia. (ES) [+Info](#)

Guía para o litixio estratéxico de casos de violencia contra as mulleres na vida pública e política. (GAL) [+Info](#)

Presente e futuro das políticas de igualdade de xénero na educación superior: contribucións para un desenvolvemento humano e sostible. (EN) [+Info](#)

Conectando en igualdade: A transformación do futuro tecnolóxico. (ES) [+Info](#)

Atlas dos obxectivos para o desenvolvemento sostible 2023. (ES) [+Info](#)

Roles de xénero e coautorías nos hábitos de publicación académica. (EN) [+Info](#)

Dixitalización das mulleres en América Latina e O Caribe: acción urxente para unha recuperación transformadora e con igualdade. (ES) [+Info](#)

Diagnóstico das necesidades que demandan as familias beneficiarias do Fondo de Becas Fiscal Soledad Cazorla. (ES) [+Info](#)

Principais resultados da Presidencia española do Consello da Unión Europea en materia de Igualdade. (ES) [+Info](#)

Gender On Digital. Journal of Digital Feminism. 1ª edición. Sociedade dixital e negos de xénero [+Info](#)

Primeiro número da revista impulsada pola Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. A publicación terá unha periodicidade anual, e coa finalidade de afondar máis nos temas tratados nos workshops-Hackeando o Patriarcado, cada número da revista abordará a temática de cada unha das edicións.

Rompendo o teito de cristal: desvelando a representación das mulleres por xénero e raza na xerarquía da educación superior (EN) [+Info](#)

O papel do xénero e as coautorías no comportamento das publicacións académicas (EN) [+Info](#)

A través dun estudo de caso feito en Alemaña, este artigo amosa como en xeral as investigadoras parecen contribuír máis á ciencia aberta, mentres que o seus colegas masculinos céntranse naquelas que lles achegan reputación individual. Estes resultados poden supoñer outra causa para a fenda de xénero académica.

Sexismo institucional en campañas contra a violencia machista en Galicia: Deconstruindo resistencias narrativas (ES) [+Info](#)

Volta a Marx: reflexións sobre a crise feminista na encrucillada do neoliberalismo e do neoconservatismo (EN) [+Info](#)

O sexismo na academia é malo para a ciencia e un malgasto de fondos públicos (EN) [+Info](#)

Repertorio de presentacións do I Congreso internacional Xénero e traballo(s): Encrucilladas para a igualdade en Iberoamérica (TRAGEVIC) [+Info](#)

As mulleres no inicio da súa carreira científica realizaron menos investigacións interdisciplinares nas últimas seis décadas: evidencias de teses doutorais (EN) [+Info](#)

Revisión xurisprudencial das doenzas e patoloxías que sofren as camareiras de piso. Propostas para o seu recoñecemento como enfermidade profesional. (ES) [+Info](#)

Aliados do feminismo: personaxes masculinos implicados coas loitas das mulleres (ES) [+Info](#)

5ª edición. Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado (GAL) [+Info](#)

A outra cara da edición feminina en Galicia: ilustradoras, maquetadoras e tradutoras (GAL) [+Info](#)

Guía actualizada para a protección integral fronte condutas contra a liberdade sexual e a integridade moral nas pemes (GAL) [+Info](#)

Enquisa europea de violencia de xénero 2022 (ES) [+Info](#)

É a primeira enquisa sobre violencia contra as mulleres que se realiza dentro do marco do Sistema Estatístico Europeo e na que participaron 27 países da Unión Europea. Esta nova fórmula pretende avanzar na harmonización de datos estatísticos a nivel europeo sobre violencia contra as mulleres, en cumprimento do Convenio de Istambul.

A igualdade de xénero nas institucións de ciencia, tecnoloxía e innovación e de educación superior: avances, reflexións e propostas (ES) [+Info](#)

Pósters dixitais do simposio que tivo lugar en Bos Aires en setembro do 2023.

Malabares das carreiras científicas e a vida familiar (EN) [+Info](#)

Os fitos da carreira adoitan coincidir con grandes eventos vitais. Este recopilatorio de artigos aborda os retos e as tensións de equilibrio entre a vida persoal, familiar e laboral da revista Nature.

Manual de referencia Protocolo para a prevención e a actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral (ES) [+Info](#)

Asasinatos por razón de xénero de mulleres e nenas (feminicio/feminicidio). Estimacións globais dos homicidios de mulleres por parella íntima/familiar en 2022 (EN) [+Info](#)

Violencia económica contra as mulleres nas súas relacións de parella ou exparella (ES) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI



De esquerda a dereita e de arriba abaixo, Raquel Álvarez, Carmen Caeiro, Cristina Pérez e Luisa Silvela. Gañadoras dos premios Sofía Novoa

Persoal investigador de Fisioterapia analiza os efectos do exercicio terapéutico no benestar psicolóxico das vítimas de violencia machista. [+Info](#)

As egresadas do campus pontevedrés copan os premios Sofía Novoa. [+Info](#)

O novo catálogo da sala Altearte recolle o traballo de seis mulleres artistas «cun discurso rompedor». [+Info](#)

NOVAS

A segregación por sexo continúa nos colexios concertados do Opus Dei malia prohibilo a lei. (GAL) [+Info](#)

106 anos da revolta das faeneras en Málaga. (ES) [+Info](#)

Mulleres Afrodescendentes: Gardiás e transmisoras de saberes ancestrais. (ES) [+Info](#)

Os homes que teletraballan dedícanse máis ás tarefas do fogar. (ES) [+Info](#)

Guerreiras, cazadoras e pintoras prehistóricas: as mulleres tamén estaban alí. (ES) [+Info](#)

«A tola e o feminista», a curta que leva aos Goya a desigualdade nas tarefas do fogar. (ES) [+Info](#)

Analizan o efecto do exercicio en vítimas de violencia machista. (ES) [+Info](#)

As universitarias superan en rendemento aos seus compañeiros en oito de cada dez graos. (ES) [+Info](#)

Os rapaces de 16 a 24 anos que se senten «discriminados» pola igualdade: «Cos homes non hai presunción de inocencia». (ES) [+Info](#)

Ciencia viva ou memoria? Francia debate como honrar o legado de Marie Curie. (ES) [+Info](#)

Susana Carmona, neurocientífica: «Sabemos máis sobre o universo que sobre o cerebro das mulleres». (ES) [+Info](#)

Radiografía da desigualdade de xénero nas organizacións internacionais: só un 13% dos dirixentes desde 1945 foron mulleres. (ES) [+Info](#)

Cristina Gutiérrez fai historia e gaña o Dakar en Categoría Challenger. (ES) [+Info](#)

Perspectivas de catro científicas na encrucillada dos comezos da súa carreira. (EN) [+Info](#)

Vergoña e falta de confianza no sistema: por que o 97% das mulleres que sofren acoso na rúa non denuncian. (ES) [+Info](#)

As citacións amosan o nesgo de xénero. Os motivos son sorprendentes. (EN) [+Info](#)

O asasinato da artista Julieta Hernández levanta unha vaga de protestas feministas en Brasil. (ES) [+Info](#)

Mercedes Docampo, a muller desterrada que axitou o feminismo no Partido Galeguista na Segunda República. (GAL) [+Info](#)

O Tribunal de Xustiza Europeo avala o dereito a asilo das vítimas de violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

As mulleres continúan infrarrepresentadas nos sectores verdes e dixitais. (EN) [+Info](#)

Un xornalismo sen mulleres en Afganistán: «Deter o traballo das reporeiras é unha forma máis de violencia contra nós». (ES) [+Info](#)

Irán libera baixo fianza as dúas xornalistas encarceradas por informar sobre a morte de Mahsa Amini. (ES) [+Info](#)

Un 27% das mulleres aos 17 anos xa consome ansiolíticos e hipnosedantes, segundo estudo. (ES) [+Info](#)

As mulleres investigadoras están menos influenciadas polo prestixio das revistas. Refrea isto as súas carreiras? (EN) [+Info](#)

Non hai unha «guerra cos homes». Sabemos que o feminismo é bo para os rapaces. (EN) [+Info](#)

Talento de Salceda que rompe o teito de vidro na ciencia. (ES) [+Info](#)

O primeiro club con futbolistas xitanas nace na Mina: «Estamos rompendo muros.» (ES) [+Info](#)

Un estudo conclúe que o cerebro dunha muller embarazada experimenta cambios anatómicos durante a xestación. (ES) [+Info](#)

«Cheguei a ter catro empregos para manterme, non podía vivir do meu soldo como educadora.» (ES) [+Info](#)

O centro de investigación de Toyota comproba se os cintos son seguros para mulleres embarazadas. (EN) [+Info](#)

A industria da IA está a piques de se converter noutro club de homes. Todo o mundo perde se iso acontece. (EN) [+Info](#)

Mary Poppins e o vento do leste. (ES) [+Info](#)

Rosi Mella, «Temible Olivina»: «Quero ocupar espazos e demostrar que non hai un rap xenérico e un rap feminino» (GAL) [+Info](#)

Poetas para un novo 27: a xeración de mulleres que domina a poesía en español. (ES) [+Info](#)

Para os seus oponentes, o crime de Claudine Gay, de Harvard, foi non coñecer o seu lugar. (EN) [+Info](#)

A Academia inaugura na web o ano das letras dedicado a Luísa Villalta. (GAL) [+Info](#)

Quen coidará das mulleres migrantes maiores que dedicaron a súa vida aos traballos do fogar e aos coidados? (GAL) [+Info](#)

Creadas por homes para servir: por qué Siri e Alexa son mulleres. (ES) [+Info](#)

Mercadona retíralle o complemento de incapacidade a unha muller vítima de violencia machista. (GAL) [+Info](#)

Chamada a un desmantelamento sistémico: estas mulleres néganse a ser figuras ocultas no desenvolvemento da IA. (EN) [+Info](#)

Os medios ignoran a realidade e a loita das mulleres en Palestina, segundo informe. (ES) [+Info](#)

Unha longa axenda feminista pendente para 2024. (ES) [+Info](#)

O Goberno aproba a creación de setenta unidades xudiciais. (ES) [+Info](#)

«Non adherirme a un tipo específico de feminismo permitiume ter unha visión máis ampla e flexible na loita contra a opresión de xénero», afirma a activista feminista Laura Vargas. (ES) [+Info](#)

As mulleres na medicina e a investigación patriarcal. (ES) [+Info](#)

A educación sexual estáncase en España e ten os seus efectos en máis violencia e pornografía. (ES) [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo 2023 [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres

Servizos municipais de atención psicoló-xica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades)

[Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de promoción da investigación sensible ao xénero [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#)

*Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.
Atención ás vítimas: 606 929 137.*

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2023](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2024](#)

Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)